

# O GOBERNO MUNICIPAL INFORMA



Hai catro anos os/as mindonienses decidiron democráticamente que ningunha forza política pudiera gobernar con maioría absoluta. Os resultados das eleccións municipais de 2007 abriron a posibilidade dun goberno de coalición, a semellanza do que acontece asiduamente nos países e concellos europeos.

O escenario creado polos resultados electorais posibilitou a formación dun goberno de coalición entre as forzas políticas BNG e PSOE que, en base a un acordo programático, traballou ao longo do mandato a prol dos intereses xerais dos veciños e veciñas do concello.

A nosa experiencia de goberno, pese ás dificultades económicas, foi positiva e ilusionante. O diálogo constante e aberto, a lealdade e a transparencia deron como froito un goberno estable e modélico na súa convivencia política. Un goberno que foi capaz de poñer os intereses dos cidadáns por riba dos partidarios.

Transcurridos estes catro anos, e ante a proximidade das novas eleccións municipais, os/as integrantes do goberno municipal tomamos a decisión de realizar un balanço da xestión e poñelo en coñecemento da opinión pública para que a cidadanía o valore nos seus xustos termos.

Non se trata dun informe pormenorizado da acción de goberno, pero si daqueles feitos máis salientabeis que os veciños e veciñas deben coñecer.

Grazas pola vosa confianza.

# PACTO BNG - PSOE: FEITOS E REALIDADES

## RELACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS DO MANDATO 2007-2011 - OBRAS EN ZONA URBANA:

• Proxecto modificado da pavimentación e acondicionamento da rúa Marina Mayoral.....	144.465 €
• Reparación de beirarrúas en San Lázaro.....	41.577 €
• Pavimentación do novo vial de acceso á estación de autobuses, 1ª fase (obra contratada no mandato anterior e executada neste).....	56.877 €
• Pavimentación e servizos do novo vial de acceso á estación de autobuses, 2ª fase.....	56.774 €
• Pavimentación da rúa Leiras Pulpeiro.....	178.790 €
• Beirarrúas e servizos na antiga N-634 en San Lázaro.....	57.999 €
• Proxecto modificado de restauración e rehabilitación da igrexa de San Pedro de Alcántara e de urbanización do contorno e accesos (Praza Jaime Cabot, rúa camiño do Sabelo, escalinata de acceso aos xulgados, praza de San Xoán).....	1.708.169 €
• Parque infantil na Alameda de Os Remedios.....	38.291 €
• Acondicionamento das rúas centrais do casco histórico.....	108.256 €
• Acondicionamento do aparcadoiro público na Alcántara.....	103.536 €
• Construción pista multixogos.....	57.357 €
• Área de servizos para autocaravanas.....	30.000 €
• Pavimentación e acondicionamento da rúa José Mª Pardo.....	433.091 €
• Pavimentación beirarrúas N-634 – Viñas da Veiga.....	12.357 €
• Acondicionamento accesos ao río de Sixto.....	10.677 €
• Acondicionamento accesos ao CEIP Alvaro Cunqueiro.....	45.463 €
• Acondicionamento da rúa do Camiño Norte.....	17.899 €
• Acondicionamento accesos no Sabelo-Campo dos Paxariños.....	12.682 €
• Reforma e reparación no CEIP Álvaro Cunqueiro e construción de marquesinas.....	128.255 €
• Recuperación do entorno da Ponte do Pasatempo.....	197.080 €
• Instalación de circuito biosaudable.....	8.656 €
• Dotación e acondicionamento do Centro Cultural Alcántara (contratada e en fase de execución).....	185.000 €
• Reordenación dos espazos públicos do contorno da Catedral. Praza do Seminario e rúa da Fonte Vella (adxudicada e a executar neste exercicio 2011).....	1.100.000 €
• Acondicionamento e urbanización do contorno da rúa Lence Santar e da Peña de Francia (proxecto que conta con consignación nos orzamentos do Estado e que esta pendente de convenio).....	400.000 €

## OUTROS INVESTIMENTOS E DOTACIÓNS LICITADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS EN ZONA URBANA:

- Centro de Interpretación do Camiño Norte.
- Aula de dinamización.
- Reparación de cuberta e canalóns nas vivendas de promoción pública da Avda. Fernández de Castro.
- Apertura e dotación do Centro Comarcal de A Mariña Central.
- Posta en funcionamento da oficina de Igualdade e Benestar.
- Incorporación da Escola infantil á Rede de Escolas Infantís.
- Proxecto de construción de 12 aloxamentos piloto para xovenes e maiores e Centro de Día. ( Non se chegou a licitar co cambio de goberno na Xunta de Galiza a pesar de estar programado o investimento pola Consellería de Vivenda e Solo para os exercicios 2009 e 2010 ).


ALCÁNTARA



as imaxes valen máis  
que mil palabras



PISTA MULTIXOGOS



PARQUE INFANTIL




CIRCUITO BIOSAUDABLE



AULA DINAMIZACIÓN



PASATEMPO



PONTE PASATEMPO




RUA JOSÉ MARÍA PARDO  
ACCESOS CENTROS DE SAÚDE



CASA REHABILITADA



LEIRAS PULPEIRO



ACCESO RIO DE SIXTO



APARCAMENTO SOTERRADO



BEIRRARRÚA SAN LÁZARO



MARINA MAYORAL



IGREXA ALCÁNTARA



O SABELO - CAMPO DOS PAXARIÑOS

# PACTO BNG - PSOE: FEITOS E REALIDADES

## RELACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS DO MANDATO 2007-2011 - OBRAS EN ZONA RURAL:

• Restauración e rehabilitación do barrio do Vilar, 2ª e 3ª fase e rehabilitación da escola de Curros.....	1.195.677 €
• Adquisición de tractor con desbrozadora.....	79.200 €
• Adquisición de nova desbrozadora.....	20.543 €
• Excavacións no Castro de Zoñan.....	86.000 €
• Alumeado público nos núcleos rurais de O Campo en Zoñan e no barrio da Madeira (Oirán).....	21.963 €
• Saneamento e depuración no barrio de Grove (Vilamor) e Abidueiras (O Carmen) e apertura de camiños e afirmado nos barrios de Centeás e Madeira (Oirán).....	185.089 €
• Abastecemento de auga a San Vicente.....	59.803 €
• Aforro enerxético en varios lugares do concello.....	94.371 €
• Implantación de internet nas parroquias e posta en marcha dun centro de dinamización e formación nas TIC...	83.000 €
• Ampliación de internet nas parroquias.....	70.489 €
• Ampliación de internet nas parroquias.....	44.934 €
• Mellora da rede viaria nas parroquias de Os Remedios, Santiago, Vilamor e apertura de camiños en Oirán ( PEIM 2009).....	114.983 €
• Ensanche e acondicionamento da ponte de acceso a Estelo.....	54.619 €
• Saneamento da parroquia de Sasdónigas.....	332.622 €
• Ponte de acceso á Pradela e Valiña.....	52.800 €
• Acondicionamento de camiños e mellora de accesos nas parroquias de Santiago, O carmen, Argomoso, Santa Mª Maior, San Vicente e Os Remedios.....	231.619 €
• Reconstrucción da ponte sobre o rio Tronceda no curso da rota das fervezas (obra en execución).....	23.552 €
• Acondicionamento e mellora de accesos aos núcleos de Santa Margarita e Pacios de Arriba.....	57.984 €
• Rede de saneamento do barrio de Pedrido.....	60.000 €
• Mellora da captación de Coutada, posta en marcha da ETAP (estación depuradora), impermeabilización de depósitos e mellora na rede de distribución a Couboeira e Oirán.....	101.848 €
• Desbroces en vías públicas provinciais e municipais.....	53.030 €
• Accesos a Estelo (PEIM 2010), pendente de convenio.....	38.884 €
• Ampliación da rede de abastecemento e novo depósito para suministro ao polígono empresarial.....	199.720 €
• Centralización do Alumeado público na Campá e S. Caetano.....	27.775 €
• Centralización de alumeado público en Zoñan.....	21.976 €

## OUTROS INVESTIMENTOS E DOTACIÓNS LICITADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS EN ZONA RURAL:

• Acondicionamento da estrada Lindín – Santa Mª Mayor.....	176.064 €
• Acondicionamento dos Remedios por Estelo.....	176.074 €
• Accesos a Estelo.....	15.224 €
• Mellora do afirmado Viloalle – Figueiras.....	195.431 €
• Acondicionamento da estrada Areas – Oirán.....	578.429 €
• Melloras de camiños de concentración parcelaria en Argomoso, Santa Mª Maior e O Carmen.....	99.986 €
• Acondicionamento de camiños 3ª fase da zona de concentración parcelaria de Mondoñedo Norte...	91.595 €
• Melloras no monte veciñal de Estelo-Tronceda.....	386.214€
• Rede de camiños principias da ZCP de Sasdónigas.....	1.387.543 €





DEPÓSITO REGAÑADA - PARQUE EMPRESARIAL



ACCESO OS REMEDIOS A ESTELO



SANTA MARGARITA



SANEAMIENTO SASDÓNIGAS



SANEAMIENTO GROVE



TRACTOR



ESCOLA CURROS ANTES



APERTURA DAS COVAS DO REI CINTOLO



ESCOLA CURROS DESPOIS

# Informe - Sentencias

## A SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO

Cando entramos a gobernar en xuño de 2007 as contas do Concello estaban sen presentar desde o ano 2004, de xeito que a contabilidade do exercicio 2005 estaba sen pechar e as do 2006 e 2007 sen abrir.

A débeda a longo prazo ascendía a 1.194.017,4 euros e a débeda a curto prazo ascendía a 5.210.344,98 euros (incluída unha operación de tesourería de 80.000 euros xa amortizada).


Hoxe, transcurridos case os catro anos do mandato, as contas dos exercicios 2005, 2006, 2007 e 2008 están aprobadas e as do exercicio 2009 a punto de poder ser presentadas e sometidas a aprobación; a débeda a longo prazo foi reducida en 725.499,93 euros (a catro de xaneiro de 2011) e coa débeda a curto prazo veñen realizándose pagos en función da liquidez e dos acordos cos acreedores.

A situación segue a ser de extrema dificultade e a modo de exemplo dicir que tan só a débeda recoñecida por sentencias xudiciais a algunhas das empresas que entablaron contenciosos-administrativos contra o concello por impagos de certificacións de obras realizadas en mandatos anteriores ascende aproximadamente á coantía de 1.200.000 euros, incluídos os xuros de mora. As obras ás que nos referimos son:

- Accesos a Viñas da Veiga, 2ª fase.
- Accesos a Viñas da Veiga, 3ª fase.
- Accesos a Viñas da Veiga, 4ª fase.
- Casa da Xuventude.
- Abastecemento de auga a Lindín.
- Abastecemento a Couboeira e Oirán, 1ª fase.
- Abastecemento a Couboeira e Oirán, 2ª fase.
- Reforma do parque Trapero Pardo.
- Pista polideportiva do CEIP Álvaro Cunqueiro.
- Auditorio municipal Pascual Veiga.
- Acondicionamento da Travesía, 1ª fase.
- Acondicionamento da Travesía, 2ª fase.

Esta situación limitou e condicionou a acción do goberno municipal en todas as súas áreas e condicionará a xestión de gobernos futuros, xa que logo, o concello, a maiores da débeda, atópase sobredimensionado en personal e servizos.

A pesar disto, este goberno municipal foi capaz de realizar un investimento real en novas obras e servizos de máis de 8.000.000 euros e fixoo a base de xestións e bos proxectos, conseguindo, as máis das veces, o financiamento ao 100% das outras administracións.



SENTENCIAS